

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

16117 *Corrección de erros do Real decreto legislativo 1/2011, do 1 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de auditoría de contas.*

Advertidos erros no Real decreto legislativo 1/2011, do 1 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de auditoría de contas, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 157, do 2 de xullo de 2011, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 2, liña quinta do sexto parágrafo, onde di: «á Dirección Xeral de Seguros», debe dicir: «da Dirección Xeral de Seguros».

Na páxina 5, liña cuarta, onde di: «ameazas á independencia que se poden dar de igual forma que no caso do cónxuxe», debe dicir: «ameazas á independencia que se poden dar no caso do cónxuxe».

Na páxina 9, artigo 9, onde di: «noutros Estados membros e en países terceiros», debe dicir: «noutros Estados membros da Unión Europea e en países terceiros».

Na páxina 9, artigo 17, onde di: «Incompatibilidades derivadas de situacións que concorren na rede auditora», debe dicir: «Incompatibilidades derivadas de situacións que concorren en persoas ou entidades relacionadas directamente co auditor de contas ou sociedade de auditoría».

Na páxina 9, artigo 18, onde di: «Incompatibilidades derivadas de situacións que concorren na rede non auditora», debe dicir: «Incompatibilidades derivadas de situacións que concorren noutras persoas ou entidades da rede a que pertence o auditor ou sociedade de auditoría».

Na páxina 10, sección 3.^a, onde di: «Auditores, así como sociedades e demais entidades de auditoría autorizados en Estados membros da Unión Europea e en países terceiros», debe dicir: «Régime de supervisión aplicable a auditores, así como sociedades e demais entidades de auditoría autorizados en Estados membros da Unión Europea e en países terceiros».

Na páxina 18, artigo 10.1.c), primeira liña, onde di: «Que unha maioría dos membros», debe dicir: «Que a maioría dos membros».

Na páxina 18, artigo 10.3, terceira liña, onde di: «a auditores de contas que poden exercer a actividade», debe dicir: «a auditores de contas que poidan exercer a actividade».

Na páxina 21, artigo 14, liña segunda do parágrafo terceiro, onde di: «os artigo 15 e 16, 17 e 18,», debe dicir: «os artigos 15, 16, 17 e 18,».

Na páxina 22, artigo 18.1, liña terceira do parágrafo segundo, onde di: «ou que comparte propiedade, control ou xestión», debe dicir: «ou que compartira propiedade, control ou xestión».

Na páxina 24, artigo 21.1, liña primeira, onde di: «fixaranse, en todo caso, antes de que comece o desempeño das súas funcións», debe dicir: «fixaranse, en todo caso, antes de que o auditor de contas ou sociedade de auditoría comece o desempeño das súas funcións».